



Manuel Bartolomé Cossío.

*ARTE, LITERATURA,  
ANTROPOLOGÍA...*



«Evolution», obra de Celestino Poza. 2010.

# Herdanza do frío

XULIO L. VALCÁRCEL\*

*Ilustracións de Nito da Vila*

## PAXARO ESCRIBENTE

Fráxil lámina eclipse envolvendo  
o soño do xerme que paciente  
se recolle á espera  
Con garabullos herbas fíos  
tece o niño no que poua pérolas  
tépedas ollos durmidos os oviños  
Rematado o labor asina  
o paxaro arcana caligrafía  
indescifrabel acaso as claves  
dun código só comprensíbel  
polas aves  
Esa escrita subtil que pretende?  
Para quen escribe a quen se dirixe  
o paxaro escribente?  
Grafía rasgo trazo constelación  
de puntos e de liñas  
oculta semente xermolando  
queda beleza pronta a quebrarse  
baixo a eclosión da vida

---

**Xulio López Valcárcel**, poeta e narrador, membro da Asociación española de críticos literarios, ten publicado, entre outros, os seguintes libros: *Véspera do día*, *Solaina da ausencia*, *O sol entre os dedos*, *Memoria de agosto*, *Casa última* e *A melancolía dos corpos*. Asimesmo é autor dos libros de relatos: *Anel de mel e Campo de Marte*. Como ensaísta publicou a edición da *Poesía galega de Miguel González Garcés*, *Sinais na Area*, *Mineiro de Luz*, *Confesión de Parte*, *O escano baleiro* e *Raíz e Canto*. En posesión de numerosos premios, a súa obra foi traducida a varios idiomas.

# Encontro

Como um antigo e esquecido amor  
Súbitamente recuperado  
na tarde de prouvas e ausências  
aparece de repente  
- em que denõeci de mã  
te que ignorada cidade-  
a presença da mã.

Atendo cara da camião, imensurável  
profunda demais me convoca  
Ante a ofenda dos seus olhos me contados  
vergonha um sorriso exterior  
umha angosta íntima

Como quem regressa ou auslúe  
deste lugar, distante,  
que fundo abismo que infundible pra  
a mã e mãs em  
bando a liberdade plena do mundo  
perado para indiferente

Apesar dos longos auslúes  
um espaço no que um deslúe  
e a via no mesmo amor  
mã e filho sempre

Antes de separar-se  
oferece os seus braços a sua esposa  
e corpo culpável de roubar-lhe o tempo  
instituído a deixá-la  
a agradecer o seu  
Estranho no estranho



## INSTANTE

Esta tarde non vén de ningún sitio,  
está en min e eu nela  
como o aire nun vaso transparente.

A ollada pousa no infindo,  
o corpo descansa na area,  
longo leito de amolencias.

O mar calmo. As gaivotas  
no espazo largacío  
son brancos panos de adeuses.

A serea dun barco óuvese remota.

Como unha choiva mesta,  
o celme do tempo,  
cáeme polas pálpebras  
e fico estantío  
na contemplación gozosa.

Se esta tarde sucumbe  
non volveremos amencer nunca.

## CASA BALEIRA

Hai un olor pechado  
e un rastro de ausencias  
esquencidas nos espellos,  
no frío das cinzas apagadas.  
Un alento húmido de respiración,  
unha gargallada trágica.  
O ecoar espectral dos pasos  
e a auga a escorrer  
polo tellado,  
identifico outras horas,  
outras voces perdidas sen remedio  
na distancia.

O aire dos armarios,  
morfina do tempo,  
conserva nos traxes  
a morneza dos corpos.  
Naftalina e soños dormen  
chalecos e zapatos deixados  
por alguén que emprendeu escura naveganza.  
Aquí están en paz, en soliloquio íntimo,  
suores, caricias, lonxanías,  
últimos mofos onde se pudre  
oloroso o esquenzo,  
tal se destapo un frasco de aire enfermo.

## PRESENZA

Por veces sorpréndote  
nun recanto calquera da lembranza;  
regresas de portos esquencidos,  
de lonxanas estacións desarraigadas.

Síntote nas palabras en voz baixa,  
no fresco afago do vento,  
na morneza da almofada.

Baixo o melancólico licor  
da túa ausencia  
busqueite nos trens da medianoite.

Na calma das tardes  
escoitei a túa voz chamándome.

Decote me falas.  
A carón meu, vas,  
polas rúas que recorreremos xuntos,  
polas aldeas que coñecemos xuntos,  
polos mares que  
nos prometemos atravesar xuntos.

Chega, calada,  
na sedosa melodía do silencio  
a túa fragancia  
e es a miña compañeira de butaca,  
a adolescente que me cruza,  
a nena que xoga  
no medio dunha praza solitaria.

Por veces sorpréndesme  
nalgún recanto escuro da memoria.  
Alí me agardas  
e me falas  
como a través dun cristal,  
da fúnebre poesía daquel inverno,  
dos días compartidos,  
dos xardíns que soñamos  
como illas que xa nunca serán certas.



## OS MORTOS

Non se sabe onde, pero lonxe,  
en apetencia das simas máis profundas,  
márchanse sós os mortos.

Lugar non hai a acompañalos.

En soidade emprenden,  
cegos,  
singradura sen volta,  
desolada e longa travesía.

Sós marchan e levan  
presenza e xesto,  
palabra coñecida e corpo.

Déixannos en troques  
a configuración exacta  
do seu baleiro en nós,  
irremediábel.  
Pero a súa voz pervive  
e visítanos constante.

Nesa viaxe ás escuras,  
sen ruídos,  
quen lles dará pan e leite,  
abeiro contra o frío.

Quen lles limpará das pálpebras  
a xeadas.  
Quen unxirá de bálsamo  
os seus pés cansados.  
Quen conversará con eles  
estraños e perdidos.

Amadas voces  
que en nós ecoan;  
opacas, familiares, e que na noite  
non se sabe a onde, incesantes  
nos convocan.

# RAPAZA DURMIDA FRENTE MAR

AO

Non sei quen es,  
non coñezo o teu nome,  
Na mar de festivo atópote, dormida  
nun banco do paseo marítimo.  
É volta qo sol tábro, e gáruisite,  
unha pwa muntiepra  
case che culbre o roño.

Non sei de onde vés,  
por que cruñíos chegaches  
nin o motor que ata aquí te trouxo,  
nunca viñ o tús ollos.

Cruños, na puechidos,  
mirante o puechidos.

Recollida no sono,  
con zadas as mous docemente  
sobre o ventre,  
em mui algo sagrada, inquietante.

De onde daches, me prepúio.

Abandonada i tús sota  
de, puechidos, con, definitivamente femora,  
ofusca a tua beleza  
atúa xerocidade

Muller e mar,  
muller durmida,  
recto diálogo do sono e da auga,

da mulher e do mar  
neste barco, imponente leito,  
do passo marítimo.

Suportate estranheira  
e, sem embargo, sintote tão próxima.

Vinches, quando, à ventura,  
e encontraste um alguém  
que nos responder como esperavas,  
ou simplesmente a conhecer outra cidade,  
outra gente,  
se calhar o mar que nunca vives.

Depois de nos se sabe que noite,  
a noite a vigiar durante  
basta este sal murro,  
cabo deste mar que soa na tua orelha,  
dentro de ti, murro,  
e se avola contigo no mesmo sono.

Este mar, a pensar um murmúrio.

Cando esperas, na non estares.

Talvez, minha mirada tivesse bastado.

## BOSQUE

Non podería ser fugaz este momento  
calma detida no percurso dun acto  
suspense paso que xa non se dará  
Pesa un mutismo de goma  
e cae sobre nós  
incenso benéfico  
a mansedume  
Alleo á noite e aos seus incendios súbitos  
existe un reducto  
no que o amor se consuma  
Nunca deixamos este bosque antigo  
que tronza aos poucos a súa calma expectante  
co estralo dunha gaia  
o chío apresurado dunha ave  
ou o soar dun erizo contra o chan  
Ternos cruzado a soleira aberto a porta  
oficiado os vellos ritos  
Máis tarde as castañas tremerán nas mans  
coa calor dun paxaro cautivo

## A FUXIDA

Pesados panos de olvido.  
Difusos rostros no mofo dos retratos.  
Herdanza do frío,  
reino de sombras cubrindo por enteiro  
a extensión violenta do perdido...

Preciso é partir, pero todo nos ata.



CERO

Pronuncia meus nome  
e agido se teu encontro  
Espido como um zero  
Tropago o lindo outro  
párdome en ti  
parea encontrarme  
Espido e puro párdome en ti  
Espido e puro como um zero

## RETIRADA

Levantamos a casa, recollemos os libros,  
deixamos un aire noso  
en cada estancia deserta,  
en cada cuarto que coñeceu  
o noso alento, as noites de febre,  
as cousas que acompañaron estes días.

Paredes descascadas, humano latexo,  
todo fica na ferruxe da derrota.

Embalamos perdidas ilusións,  
cartas, retratos,  
momentos de intimidade compartida.

Deixamos un tacto, unha caricia,  
un aire húmido invadindo teimoso  
o permanecer dunha presenza.

Recanto íntimo, tépedo acougo,  
aberto ao aire xeadado da retirada.



## SE ENVELLECEMOS XUNTOS

Se subo até o teu berce  
e me remonto polos anos  
son neno contigo en celestes  
mañás de balanzos e sinos,  
préndome ao voo da túa saia  
e esperto ao amor  
nun mencer cheo de alas.

Mais, se envellecemos xuntos,  
se desandamos o vieiro da vida  
paso a paso  
mirarei nos teus ollos  
o esvarar do tempo  
inorde como un barco.

Se envellecemos xuntos  
e desfago a madeixa dos meus días  
ao teu lado  
fareime confidente  
do teu camiño sen pegadas  
do teu canto e do teu ánimo.

Compartirei o sal, o leito  
e o abrazo,  
saberei escuramente que o noso paso  
polo mundo non é en balde.

Confundidos nun único latexo  
acompañados,  
seremos dous regatos fluíndo nunha mesma auga,  
dous lumes consumíndose nunha soa chama,  
dúas vagas acalando o seu fragor na area final,  
última praia.  
Nas idas e voltas do azar ou do destino,  
ti serás a certeza.

Se envellecemos xuntos,  
se te acompaño neste tránsito,  
deixarei bolboretas cansas,

escoitarei repenicar a choiva  
nas xanelas da nenez,  
sentirei a túa voz  
esmorecer en calma.

Bastarame para entendela todo  
a limpa mirada da túa luz sen ansia.

## NAIS NA NÉBOA

A Pepe Cáccamo

Chegan dispersas esluídas entre a néboa  
nais fatigadas portando na cabeza  
co mulido  
grandes tinas de roupa

Mancaron os cotenos refregaron os dedos  
ardua labor cando o inverno impón  
os seus coitelos de xeo

Elas agardan o sol  
nas sabas de fulgor almidonado

Pasan o ferro as nais pensativas  
absortas nas augas dun pozo  
Non se preguntan se o torso recolle  
na tersura da prenda  
a liña paciente esmerada  
a eliminación da enruga  
Non se preguntan se nos fíos tecidos  
permanece a entrega  
ou se o amor é en si mesmo unha alquimia

Elas non se preguntan non lles fai falta  
pasan repasan insisten afinan  
eternízanse nun xesto  
que conxura maleficios e estira soidades

Regresan na néboa as nais  
cunha brazada de sabas brancas escumas  
astros concentrados  
sol na face  
a deslumbrarnos

## BARCOS

Pesados e lentos como inmensos paquidermos,  
á miña cidade portuaria chegan a miúdo  
os grandes trasatlánticos,  
Oriana, Oceana, Ventura, Aida Cara,  
Minerva, Britannia, o Queen Elizabeth  
ou o Independence of the Seas, sonoros  
nomes para unha constelación de ronseis  
cosendo no seu periplo os catro puntos cardinais.

A súa intensa bucinada alongándose nas galerías,  
sobrecóllenos nun remorso antigo  
e inquietante ao confundirse coa intensa,  
lúgubre sirena que anunciaba a saída  
dos galegos emigrantes, ese arquivo íntimo,  
ese carimbo doloroso da diáspora propiciado  
polas autoridades e bendicido pola igrexa,  
os curas confesando a pé de maleta, a pé de baúl,  
a pé de miseria.

En arduas singraduras partían o Resolute, o Pampa,  
o Alice, o Saint Nazaire, mareas humanas  
de desarraigo, soños e esperanzas  
cara Arxentina, Uruguai, Brasil, Venezuela,  
Chile, México.  
Todos os ventos, todos os recunchos do planeta.

Daqueles barcos non quedan máis que os nomes  
ciscados entre a bruma imprecisa da memoria.  
«Vapores correos rápidos - –así se anunciaban– desde  
os portos do norte aos de Habana, Vera-Cruz  
e Tampico».

Pero vive en nós a marea de forza e de coraxe,  
a luz fría das xanelas da alfándega sobre as fileiras  
de maletas, os baúis apilados, o traxe novo  
para a marcha, as interminábeis despedidas,  
os abrazos.

Afastado da necesidade que moveu os meus paisanos,  
nun afán permanente de fuxida  
tamén eu teño ensoñado degaros de lonxanías,  
outros portos e outros días propicios, quen sabe,  
en Southampton, Castries, Barbados, Falmouth,  
Antigua ou Charleston.  
Que vida, que insólitas promesas se ocultaban  
de detrás daqueles nomes suxestivos como xemas  
deslumbrantes.

Mais, cando vexo entrar no porto os maxestosos  
cruceiros co seu despregue de luces e de luxos,  
como fantásticas cidades flotantes atravesando os mares  
ou como xigantescos órganos prontos a interpretar  
a máis insólita música, nunha perpetua festa,

pregúntome se algunha vez por un deses acasos  
que a moderna física estuda,  
o fume das súas chemineas se enliou no mesmo ceo,  
en tempos moi distantes,  
co fume melancólico daqueles outros barcos  
que nos levaban a América,  
e pregúntome se o ronsel que trazan as derrotas  
dos buques de pracer se funden nalgún momento  
co grito mudo dos adeuses que velaron os ollos  
de varias xeracións.

Ou se, finalmente, todos os barcos son un mesmo barco,  
os pasaxeiros os mesmos cansados pasaxeiros,  
todos os portos un mesmo porto.

## OUTRO POEMA DOS DONS

Grazas quero dar  
pola noite e a choiva  
que nos devolven a memoria da nai,  
e pola muller  
que dá forma á beleza.

Grazas polo sexo  
que une nunha soa carne dúas soidades  
e polo sono que nos permite a viaxe á morte  
e o regreso.

Grazas polo vento  
que nos fai estraños de nós mesmos  
e pola pedra  
que aspira a soñar a eternidade.

Grazas quero dar polos nenos  
que non coñecen nin a culpa nin a morte,  
e pola música,  
alma en epifanía trascendida.  
Grazas pola luz  
que nos devolve o mar nos ollos da amada  
e polo aire, vivificante e saudábel.

Grazas pola beleza,  
que nos enche e acovarda,  
e polo mencer  
que nos ofrece a ilusión da primeira vez.

Grazas  
pola xuventude e polos sentidos,  
polo loureiro e o trigo,  
polo viño que nos some nun transo sen dolor,  
pola herba, máis tenaz que o tempo,  
e pola arte,  
que nos transcende e sobrevive.

Grazas quero dar  
polos días que compartes comigo,  
pola caricia e polo beixo.

Grazas polo mar, absoluto e poderoso.  
Grazas polo silencio e polo verso.